

Varias das pezas expostas na mostra antolóxica. // FOTOS: ELI REGUEIRA

A procura dun lugar para a expresión, dun ámbito propio, é un dos retos da arte actual –acaso pola hexametría dos novos medios de expresión–, un camiño no que os escultores tiveron e teñen que afrontar a eterna relación co plano e co volume no espazo e precisán facelo utilizando diversas estratexias que reformulen a relación co soporte, co espazo ou coa cor. En xeral os camiños posíbeis van desde primar o purismo da materia ou a cor e a reafirmación dos valores táctiles até o establecemento de ligazóns con outros medios de expresión: pintura, música, poesía, fotografía...

Estes reflexións iniciais teñen como espoleta argumental a obra da escultora Elena Colmeiro (Silleda, 1932), da que nos ofrece o Museo de Pontevedra unha coherente e elaborada antoloxía: Sen flujo, na que podemos percorrer unha traxectoría marcada por unha vontade de afondar, desde un ollar extremadamente persoal e rigoroso, sobre algúns dos problemas da tradición plástica, desde un medio, a cerámica, que até ben avanzado o século XX estaba marcado por un uso artesanal, do que foi saíndo na segunda metade da centuria, enfocando coa evolución da escultura e a pintura da contemporaneidade.

Desde os seus primeiros traballos, Elena Colmeiro conecta con esta sensibilidade contemporánea, dotando a súa cerámica dunha suxección rítmica, rompendo a habitual distinción exterior/interior do medio cerámico máis tradicional; dialogando coas correntes da abstracción matemática, presente na pintura europea e americana desde finais dos anos cincuenta.

Na súa evolución a autora agodiza a súa construcción analítica nun sentido purista, eseucializador, que se explicita con toda rotundidade: en obras xa dos anos sesenta, nas que se entrecruzan planos e texturas e que se manifestan como conceptos esenciais, abstractos, no seu sentido de extrema depuración. É un exemplo da conquista dun ideal formal absoluto, que se enmarca como un dos mellorres exemplos, no panorama de reformulación das correntes

Esculturas de Elena Colmeiro

Mostra antolóxica no Museo de Pontevedra


CARLOS L. BERNARDEZ

da abstracción, acentuando os matices cromáticos dos distintos componentes materiais, malizados polos xogos lumínicos e de texturas.

Elena Colmeiro converte así unhas obras que poderían situarse nun proceso puramente formalista nun mundo completamente diferente e cargado de suxestións, xa que o punto de partida é sempre o traballo de investigación coa materia, seleccionada e sometida a unha fonda revisión para transmitir o factor, a cor, a súa intensa materialidade, para procurar no espectador reflexión e emoción, establecendo unha relación entre a materia e a linguaaxe que se fundamenta na capacidade da materia

de posibilitar cadeas de pensamento e emoción. Neste senso, a artista propone un afondamento nun aspecto especialmente relevante da tradición da relación entre as distintas artes, nunha vontade de superación das fronteiras entre as artes –escultura, cerámica, pintura... Pero a obra de Elena Colmeiro é sobre todo escultura, unha escultura que parte desde o cerámico, que é a cama da profunda da súa obra, o substrato, a pura materialidade, vacuidade de silencio sobre o que calquera imaxe abre un mundo de suxestións e diálogos, creando unha realidade de comunicación, na que o material dá a pauta de relación co outro. A artista sobre este fondo forza a forma, intensifica as calidades cromáticas, amosando o seu interese pola plasticidade dos diversos materiais, construíndo así unha magia creativo no que agrupa a materia como un nido, ao xeito de como o describe Milton, por exemplo, no seu Paraíso perdido cando di que "Un clamor universal de ruídos/ tan salvaxes como enxordecedores/ e voces que en tremenda confusión/ salan da oca escridade".

Título: Sen título
Artista: Elena Colmeiro
Comisaria: Beatriz de San Ildefonso
Local: Museo de Pontevedra, Pontevedra
Até o 4 de maio



Elena Colmeiro: un mundo diferente e cargado de suxestións. // FOTO: ELI REGUEIRA

O soporte como obxecto artístico

de entender o traballo artístico. A súa é unha actitude plenamente artesanal, facendo que o soporte e o volume sexan un todo –como nas súas liousas a xeito de muros de fIxolo– que se conforma como un "obxecto" autónomo, co-

mo un artefacto de comunicación, que lle permite á artista unha relación máis achegada, máis obxectual, feito que se transmite tamén ao espectador que percibe o aspecto fácil e pleno da obra. Este aspecto constitúe unha nova mostra –non a menor– da rica dialéctica que a autora pretende –proceso artesanal, ideas conceptuais– aparente paradoxo que se resuelve no espazo na rica plasticidade e na rotundidade argumental, mostra da madureza e solidez dunha artista na súa plenitude creativa.